



Descubre como funciona a xeolocalización a través de Google Earth

- 1.- Nun ordenador, unha tablet ou un móbil, busca e instala a aplicación Google Earth
- 2.- Na aplicación, localiza os seguintes puntos xeográficos, obtén a súa xeolocalización e indica a latitude e a lonxitude na seguinte táboa:

Lugar	latitude	Lonxitude
Casa do Concello de Tomiño		
Aula temática de Pinzás		
Torre de control do aeroporto de Vigo		

- 3.- Agora, utilizando os seguintes datos de latitude e lonxitude, descubre e identifica a qué lugares do planeta corresponden:

latitude	Lonxitude	Lugar
48° 51' 29.07" N	2° 17' 41.68" E	
37° 39' 0.53" N	24° 1' 28.55" E	
43° 18' 31.89" N	5° 3' 14.89" O	

As tecnoloxías
aplicadas á
gandeiría.
XPS en tempo
real: onde e
como están
as vacas

comunidade montes
de pinzás



A sociedade nas últimas décadas sufriu unha revolución tecnolóxica que cambiou a forma de vivir de todas as persoas no planeta. Nos últimos anos o aumento exponencial do uso de internet e de tecnoloxías conectadas e intelixentes marcaron o día a día e son xa parte da vida cotiá de toda a poboación.

Non obstante a implementación de solucións tecnolóxicas na gandería e no rural en Galicia está aínda moi lonxe de ter desenvolvido todo o seu potencial.

Unha das tecnoloxías que está a ter maior crecemento na gandeiría extensiva son os localizadores XPS para o gando. Nas gandeirías extensivas o gando vive en réxime de semiliberdade, os animais poden pastar libres polo monte ou facelo en terreos pechados pero de gran extensión.

Esta forma de manexo do gando incrementa o benestar dos animais pero fai máis complicada a súa xestión ao estar disperso por zonas moi extensas.

Os colares XPS

O sistema consta de:



Un colar que se coloca en cada animal, un dispositivo de localización e un sensor de temperatura.

Unha aplicación informática na que están dispoñibles todos os datos que rexistra o dispositivo.



Información que proporciona a aplicación



Rexistro de temperatura:

Posibilidade de consulta en tempo real da temperatura á que se atopa o animal e comunicación de alertas cando se rexistran valores anómalos.



Avisos por localización:

Posibilidade tanto de consulta a tempo real da localización do gando como alertas cando algún animal sae dos recintos marcados.



Rexistro do percorrido dos animais:

Posibilidade de consulta dos quilómetros percorridos por un animal e do traxecto realizado.



Alerta de parto e alerta de celo:

Avisos cando o dispositivo detecta un evento de parto ou de celo próximo á data estimada.



Alerta por alta ou baixa actividade:

Cando se detecta unha alta ou baixa actividade no dispositivo xérase unha alerta.

